






Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)



# MEMORIA DA ALCALDÍA



Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)



## **ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO DO ANO 2.016**

### **MEMORIA**

#### **EXPLICATIVA DO SEU CONTIDO E DAS PRINCIPAIS MODIFICACIÓNS QUE PRESENTA EN RELACIÓN CO ORZAMENTO DO EXERCICIO DE 2.015**

\*\*\*\*\*

A Alcaldesa-Presidenta que subscribe, a fin de dar cumprimento ó disposto polos artigos 168.1 a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobada por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo e 18.1 a) do R.D. 500/90 do 20 de abril, formula a presente Memoria explicativa do contido do Orzamento para o corrente exercicio, así como das modificacións máis salientables que experimenta, en relación co orzamento do exercicio de 2.015.

#### **ESTADO DE GASTOS**

No **Capítulo I (Gastos de persoal)** dáse cobertura ás retribucións dos funcionarios, persoal laboral, eventual e órganos de goberno, e tendo en conta a modificación da Relación de postos de traballo.

Dito capítulo experimenta con carácter global, un incremento con respecto ó exercicio anterior de 346.438,36 €. Recóllese o incremento do 1% previsto na Lei 48/2015 de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016. Procédese á creación do posto de Tesourería, reservado a habilitado nacional xa que é unha esixencia imposta por lei, e dótase as aplicacións orzamentarias relativas ás retribucións do persoal do Plan de Emprego da Deputación Provincial, xa que consta concedida a subvención (línea 4 por importe de 202.101,65 €).


O **Capítulo II (Gastos en bens correntes e servizos)**, experimenta un incremento de 74.075,76 €.

En xeral, dotouse cun maior crédito as seguintes aplicacións:

- A do fondo de emerxencia social (FES), que pasa de 25.000 a 40.000 €.
- A do servizo de axuda no fogar (SAF), que pasa de 210.000 a 230.000 €.
- A de festexos e outros eventos, que se incrementa en 33.941,76 €, como consecuencia de que dita cantidade inclúese dentro da subvención concedida pola Deputación (línea 3 do plan provincial de Concellos) e en concreto, para gastos de Nadal e Entroido.
- A de actividades deportivas que pasa de 34.000 a 40.000 €.



Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)



- A relativa ó Oral que pasa de 230.000 € a 300.000 € para adecuala ó efectivamente recoñecido no exercicio 2015.

Pola contra, dotouse cun menor crédito as seguintes aplicacións:

- A de traballos empresas alleas, que se dota con 53.000 €, fronte ós 70.000 € do exercicio anterior (non se consignan os gastos do arqueólogo).
- A de Sogama, que se dota con 470.000 € xa que no 2015 dotouse con 520.000 € para facer fronte a 13 mensualidades.
- A de gastos de enerxía eléctrica do alumeadado público que baixan 25.000 € (dos 300.000 € ós 275.000 €) como consecuencia das actuacións que se están levando a cabo en aras a conseguir un maior aforro enerxético.

Asemade tamén se procede a creación de novas aplicacións orzamentarias:

- A 1721.226.99: gastos diversos en protección do medioambiente.
- A 2411.226.99: gastos diversos en fomento do emprego e actividades xuventude.
- A 333.226.99: gastos varios Enoturismo.

No **Capítulo III (Gastos financeiros)**, recóllense os intereses e demais gastos derivados de todo tipo de operacións financeiras contraídas polo Concello de Cambados. Experimenta unha baixada de 7.487,05 €.

Respecto ó **Capítulo IV (Transferencias correntes)**, experimenta un incremento de 19.988,76 € como consecuencia da maior consignación na aplicación relativa ás transferencias a Mancomunidade do Salnés, as axudas a veciños para estudos, que se dota con 18.000 €, en lugar dos 12.000 € do exercicio 2015 e das transferencias a entidades benéfico-asistenciais, que pasan do 36.000 € ós 40.000 €.

No **Capítulo VI (Inversións reais)**, consígnanse as aplicacións orzamentarias co detalle que se fai no Anexo relativo ós investimentos, polo que non se estima precisa ó seu detalle na presente Memoria, producíndose un incremento de 455.727,25 € con respecto ó exercicio anterior, xa que se contase coa concesión da subvención da Deputación Provincial (línea 1 do plan provincial de Concellos por importe de 531.754,16 €).


Ademais, debe indicarse que a medida que se vaian recibindo as comunicacións de concesións de subvencións irase procedendo a xeración de créditos.

Por outra banda, e a diferenza doutros anos, non se procede a dotar a aplicación relativa a adquisición de terreos no rural por importe de 300.000 €.

No **Capítulo VII (Transferencias de capital)**. Consígnanse as aplicacións presupostarias que corresponden a particulares polas obras do ARI, (segundo os Convenios asinados para tal fin), á Mancomunidade do Salnés e á Deputación Provincial para a realización de obras, se ben nestes dos últimos casos, consígnase unha cantidade simbólica para posibles imprevistos.



Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)



No **Capítulo VIII (Activos financeiros)**, se recollen as previsións de anticipos ó persoal, manténdose o mesmo importe con respecto ó exercicio anterior.

Por último, no **Capítulo IX (Pasivos financeiros)** consígnanse as cantidades necesarias para as amortizacións dos préstamos e anticipos concertados polo Concello segundo os datos recollidos no Estado da débeda. O importe é moi similar ó do exercicio anterior.

### **ESTADO DE INGRESOS**

As bases utilizadas para a avaliación dos diferentes ingresos recollidos no estado correspondente, analízanse no Informe Económico-Financeiro citado. É por iso, polo que, unicamente, se fará referencia ás principais modificacións existentes en relación co último Orzamento aprobado (2015).

Do exame comparativo dos estados de ingresos do anterior exercicio e do que se prevé para o corrente, prodúcense as seguintes diferenzas:

#### **O Capítulo I (Impostos directos: IBI, IVTM, IIVTNU, IAE) e II (ICIO).**

O capítulo I experimenta un incremento de 250.000 € como consecuencia principalmente do IBI, xa que o avance da Liquidación do 2015, arroxa unha recadación de dito imposto de 1.657.536 €, polo que considerase adecuado a súa dotación en 1.600.000 €. O mesmo ocorre co resto dos impostos do capítulo I, nos que se recadou mais do presupostado no exercicio 2015. Pola contra, para o ICIO as previsións redúcense, pasando dos 130.000 € previstos no 2015 ós 90.000 € presupostados neste exercicio.

O **Capítulo III (Taxas e outros ingresos)** experimenta unha diminución de 4.698 €. En xeral, tratouse de dotar os distintos conceptos en función do recadado no exercicio anterior.


O **Capítulo IV (Transferencias correntes)** experimenta un incremento total de 256.818,77 € como consecuencia basicamente dos maiores ingresos previstos na participación nos tributos do Estado (segundo os datos comunicados recentemente pola FEGAMP prevese que a liquidación do exercicio 2014 sexa positiva) e no que atinxe as transferencias da Deputación Provincial consígnouse a maiores a subvención concedida para financiar os gastos da contratación do persoal do Plan de Emprego (línea 4 por importe de 202.101,65 €) e a línea 2 por importe de 135.767,02 para gasto corrente (xustificouse con facturas de Sogama e Celtaprix).

Consígnouse asemade os ingresos previstos da firma do Convenio coa Banca (20.000 €) e dos viveiros de empresas.

No **Capítulo V (Ingresos patrimoniais)** prodúcese unha diminución de 24.396 €. Nos arrendamentos de bens patrimoniais prevese os ingresos que se producirán como consecuencia



Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)



do cobro do aluguer dos locais ás empresas concesionarias da distribución da auga e do saneamento.

No **Capítulo VI (Alleamento de inversións reais)**, a diferenza dos exercicios anteriores, consígnase unha cantidade simbólica,.

No **Capítulo VII (Transferencias de capital)** consígnase as transferencias concedidas polos diferentes entes públicos que financiarán as obras de rehabilitación de particulares do conxunto histórico-artístico, e as transferencias concedidas pola Deputación Provincial e cuxo desglose aparece reflectido no anexo de inversións.

Asemade, e como se explicou anteriormente, a medida que se vaian recibindo as comunicacións doutras subvencións se irá xerando crédito.

O **Capítulo VIII (Activos financeiros)** recolle os posibles anticipos ó persoal.

No **Capítulo IX (Pasivos financeiros)**, dotase con cantidades simbólicas, para manter abertos ditos conceptos.


## **BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO**

O Presuposto Xeral, inclúe as Bases de execución aplicables á Corporación en virtude do disposto nos artigos 165.1 do TRLRFL e 9.1 do RD 500/1990. As materias que son obxecto de regulación nas citadas bases inclúen as especificadas no artigo 9.2 do RD 500/1990.

\*\*\*\*\*

Tales son as variacións máis salientables que se producen no Orzamento para o ano 2016 en relación co Orzamento de 2015, que se someten á aprobación do Pleno da Corporación.

Cambados, 18 de febreiro do 2016  
A ALCALDESA



Fátima Abal Rúa